



FACULTADE DE FILOLOXÍA



Reunido o día 23 de outubro de 2024 ás 16.30, na sala B13 da Facultade de Filoloxía, o xurado do X Concurso literario Mazarelos, composto por María Xesús Nogueira Pereira (que actuou como presidenta), Carlos Pérez Varela, Diego Rivadulla Costa, Ramón Blanco Fernández e María López Sández, acordou conceder os seguintes premios:

1º premio: *Inmersións do mito da Apocalipse*, da autoría de Sara Porto Puente.

2º premio: *Febres Somnámbulas*, da autoría de Brais Neira Ferro.

3º premio: *Amelia*, da autoría de Daniel Chapela Durán.

Accésit: *A gheada nunca che quedou ben*, da autoría de Noela Rivas Cantelar.

O xurado salientou a alta participación e a calidade dos textos presentados.

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2024

NOGUEIRA  
PEREIRA  
MARIA XESUS  
52472511N

Firmado digitalmente por NOGUEIRA  
PEREIRA MARIA XESUS - 52472511N  
Nombre de reconocimiento (DN):  
c=ES,  
serialNumber=IDCES-52472511N,  
givenName=MARIA XESUS,  
sn=NOGUEIRA PEREIRA  
cn=NOGUEIRA PEREIRA MARIA  
XESUS - 52472511N  
Fecha: 2024.10.25 10:39:40 +02'00'

Asdo. María Xesús Nogueira Pereira

1.º Premio: *Inmersións do mito da Apocalipse*, de Sara Porto Puente

O xurado valorou a orixinalidade dunha narración arriscada na que se xoga coa intertextualidade con ironía, nun exercicio de hibridación literaria que combina a cita erudita e a apócrifa.

2.º Premio: *Febres Somnábulas*, de Brais Neira Ferro

O xurado destacou a ambición dun proxecto no que se establece un xogo entre unha autopoética reflexiva e unha estética experimental, que abala entre o racional e o inconsciente.

3.º Premio: *Amelia*, de Daniel Chapela Durán

O xurado salientou a forza emocional e evocadora dun texto que, desde a aparente sinxeleza, crea imaxes eficaces que parten do cotián e da perda para tecer unha celebración da memoria afectiva.

Accésit: *A gheada nunca che quedou ben*, de Noela Rivas Cantelar

O xurado destacou o tratamento dun tema de actualidade e interese social, como é a transformación do rural, a acertada construción narrativa e un medido uso do simbolismo.